

ECONOMÍA. MACROMAGNITUDES

ACTIVIDADE 2. O comercio exterior e intracomunitario

Obxectivos:

- ◆ Coñecer o volume das exportacións e das importacións con orixe/destino en Galicia.
- ◆ Estudar cales son os países que manteñen un maior intercambio comercial con Galicia.
- ◆ Analizar as mercadorías que se compran e se venden nestas trocas comerciais.

Coñecementos previos necesarios:

- ◆ Saber calcular porcentaxes e taxas de variación relativas.
- ◆ Saber elaborar gráficas (ver apartado de representacións gráficas)
- ◆ Saber elaborar e interpretar gráficas.

Cuestións a resolver:

- 1) Elabora un gráfico de evolución coas exportacións / expedicións e importacións / introducións con orixe ou destino en Galicia
- 2) ¿En que porcentaxe variou o valor das exportacións / expedicións no último ano?.....(%)
 ¿E o das importacións / introducións?.....(%)
- 3) ¿Cal foi o saldo no último ano?.....
- 4) ¿E a taxa de cobertura?.....(%)
- 5) ¿Cales son os países que manteñen un maior intercambio comercial con Galicia?
 Exportacións / expedicións.....
 Importacións / introducións
- 6) ¿Cales son as mercadorías que máis exporta / expide Galicia?.....

- 7) ¿E as que máis importa / introduce?